

# TFE 2026

## LIAN IGLESIAS GARCÍA

### VIOLA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO  
SUPERIOR DE MÚSICA  
DA CORUÑA

**RECITAL:** 10 de xuño ás 20:30 no Auditorio Andrés Gaos  
**EXPOSICIÓN E DEFENSA:** 10 de xuño ás 19:00 na aula 100

# PROGRAMA

**Solo de viola en Re M - Manuel Sancho y Vivar**

**Concerto para viola en Re M - F. A. Hoffmeister**

I. Allegro

II. Adagio

III. Rondo

## DESCANSO

**Concerto para viola - Béla Bartók**

I. Moderato

II. Adagio religioso

III. Allegro vivace

Lian Iglesias García, viola  
Andrea Vilar López, piano

### **Solo de viola en Re M - Manuel Sancho y Vivar**

Manuel Sancho foi un violinista e violista español que desenvolveu a súa carreira artística profesional no entorno da Real Capela madrileña. O seu *Solo de viola con acompañamento de piano* é unha obra excepcionalmente escrita para a viola. Explora as distintas cualidades sonoras do instrumento, e era repertorio de lectura a vista para oposicións a violista da Real Capela.

Escrita nun só movemento, divídese en catro seccións A-B-C-A' e unha coda final. O propósito desta peza era mostrar os distintos fundamentos técnicos que un violista debía ter para o desempeño profesional orquestral.

### **Concerto para viola en Re M - F. A. Hoffmeister**

Franz Anton Hoffmeister foi un compositor austríaco do período clásico, contemporáneo de Mozart e amigo de Beethoven, coñecido tanto pola súa música como pola súa labor editorial.

O Concerto para viola en Re M é unha das obras máis interpretadas do repertorio clásico para este instrumento. Escrita con elegancia e claridade típicas do estilo clásico, destaca polo seu equilibrio entre virtuosismo e musicalidade, aproveitando as posibilidades técnicas e expresivas da viola.

### **Concerto para viola - Béla Bartók**

Béla Viktor János Bartók foi un dos compositores máis importantes de Hungría. Ten un estilo propio que se caracteriza por fusionar tradición folklórica e linguaxe máis moderno e innovador. O Concerto para viola foi unha das súas últimas obras e quedou inacabado tras a súa morte en 1945, sendo posteriormente reconstruído por Tibor Serly. En 1949 estreao William Primrose, e en 1995, Paul Neubauer e Péter Bartók fixeron unha revisión.

Consta de tres movementos: o primeiro con unha especie de forma sonata, un Adagio religioso moi calmado que remata cun Allegretto, e xa por último o terceiro, que é un Allegro vivace

## AGRADECEMENTOS

Ao longo de todos estes anos houbo un montón de persoas que me axudaron e animaron e ás que lles teño que agradecer estar hoxe aquí. Nomealas a todas sería un traballo extenso, pero quero agradecer especialmente ás que sempre estiveron e están.

En primeiro lugar, a Diego Segade, con quen din as primeiras notas na viola, e con quen remato esta etapa. Sempre confiou nas miñas posibilidades e creu en min máis que eu mesma.

Tamén ás tres profesoras de viola que tiven durante os seis anos de Grao Profesional, moi especialmente a Sara Martínez que me fixo ver, que seguir a estudar viola como profesional, era posible.

Contar cunha persoa de confianza como pianista acompañante é marabilloso, e esa é a sorte que tiven con Andrea Vilar, sempre disposta e adaptándose as miñas necesidades, repetindo grabacións e ensaios unha e outra vez.

Grazas a Jorge Alves, o meu mestre de piano durante 10 anos, e a Fernando Briones, que dende o primeiro ano no Conservatorio Superior, contou comigo para formar parte da Orquestra Gaos. Tamén a Silvia, por recibirme cada día cun sorriso.

E grazas ás persoas amigas incondicionais, que acuden aos concertos nos que actúo e sempre pensan que o fago ben, especialmente ás que veñen incluso sen gustarlles moito a música clásica.

Aos meus amigos de sempre, e a todos os que me deu a música. Ás miñas violas oficiais, e ás que teño este ano. Ás primeiras persoas que coñecín neste centro, Leide, Emma, Pozako e Eli; e ás últimas, as miñas currusquis, Carla, Mariña e Laura.

Grazas a miña familia, meus tios, meus primos, Marga e Jose, sempre apoiando, sempre dispostos a acompañar aos ensaios, sempre nas actuacións, sempre aplaudindo e animando, e incluso recorrendo media Europa comigo.

E grazas a Mar, miña nai, que dende pequena identificou en min unha querencia pola música e facilitoume que a puidese desenvolver, acompañante incansable, sufridora dos ensaios.

A todos eles, grazas.